

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN POR ELES T.E.A. OURENSE-PETEA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INFORMACIÓN, VALORACIÓN, SEGUIMIENTO E ORIENTACIÓN DIRIXIDO A PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA, NO EXERCICIO 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directorA xeral de Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude ten previsto formalizar coa Asociación Por Eles T.E.A Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2023 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Xuventude no financiamento do Programa de información, valoración, seguimento e orientación para persoas con trastorno do espectro autista que a entidade leva a cabo no exercicio 2023

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio a todas aquelas persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autista e as súas familias na cidade de Ourense, durante todas as etapas do ciclo vital, dando asesoramento, terapias, actividades e tempo de ocio para construír unha identidade colectiva, baseándose na cooperación e no intercambio de coñecemento, así como facer visible esta afectación para unha correcta integración dos afectados na sociedade, e darlles os medios necesarios as persoas con TEA para que estean preparados para unha anticipación e resposta correcta ante as diferentes situacións cotiás coas que se poden atopar no día a día.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa asociación Por Eles T.E.A. Ourense- PETEA" para contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento das actuacións relacionadas co programa de información, valoración, seguimento e orientación, atendendo ao principio de globalidade e posibilitando opcións de inclusión da persoa con TEA e da súa familia na sociedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

